

## **BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS NON REMUNERADAS DO PROGRAMA DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL (GALEUROPA), PROMOVIDO POLO CONCELLO DE NEGREIRA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

Galeuropa é un programa de mobilidade transnacional xuvenil subvencionado pola Consellería de Política Social para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas en países Europeos, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, destinado a mozos/as menores de 30 anos inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

A mocidade participante poderá realizar prácticas formativas non remuneradas de entre 2 e 3 meses en empresas de Reino Unido e Finlandia cunha duración mínima de 110 horas mensuais, correndo a cargo do programa a viaxe, o aloxamento e manutención, así como os seguros de responsabilidade civil, accidentes é médico no caso de que a persoa participante non teña dereito á tarxeta sanitaria europea. Ademais contará con apoio lingüístico cunha duración de entre 10 e 70 horas certificadas, e con apoio sociolaboral cunha duración de 50 horas repartidas en 30 horas ó inicio do programa e 20 horas á volta dos participantes.

A finalidade do programa de mobilidade transnacional xuvenil é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais da mocidade non ocupada e non integrada nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación e á adquisición de experiencia profesional necesaria para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros. Así tamén a aqueles xóvenes que remataron a súa formación regrada e que desexen optar a esta convocatoria.

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

Estas bases teñen como obxecto regular a selección de 18 candidatos/as para a realización de prácticas formativas transnacionais non remuneradas dentro do programa Galeuropa, programa de mobilidade transnacional xuvenil da Consellería de Política Social promovido polo Concello de Negreira en colaboración co Concello de Val do Dubra, garantindo os principios de publicidade e concurrencia competitiva no proceso de selección das persoas participantes conforme ao artigo 28.4 da orde do 2 de maio de 2017 da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao programa operativo de emprego xuvenil (DOG nº 92 do 15 de maio de 2017).

No caso de que o número de solicitantes sexa inferior ou igual ao número de prazas de prácticas ofertadas e sempre que os aspirantes cumpran os requisitos para realizar as prácticas, non será necesario realizar proceso de selección, xa que quedarán automaticamente seleccionados, no caso de existir máis candidatos que o número de prazas ofertadas comezarase o proceso de selección.

## SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS E DAS ASPIRANTES

1. Ser español/a ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

2. Ter unha idade de entre 18 e 29 anos no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

3. Deberán estar inscritos/as no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Ademais dos requisitos anteriores, en coherencia coa citada Lei 18/2014 deberán cumprir os seguintes:

a) Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

b) Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

c) Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación

No suposto de que a persoa interesada en inscribirse no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil tivese finalizada a súa participación no sistema educativo, considerarase que o requisito da letra b) queda suxeito a non ter recibido accións educativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores.

Estes requisitos, agás o de idade, deberán manterse no momento da selección das persoas que participarán nas mobilidades.

## TERCEIRA. INSCRICIÓNS

As persoas interesadas deberán rexistrar a solicitude de modelo de inscrición destas bases nos rexistros dos concellos participantes xunto coa copia da seguinte documentación:

- Copia NIF/NIE

- Copia da tarxeta da Seguridade Social

- Curriculum vitae modelo europeo e xustificantes dos méritos alegados

- Xustificante de estar inscrito/a no rexistro nacional de Garantía Xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Copia certificado de recoñecemento discapacidade (de ser o caso)
- Xustificante de ser vítima de violencia de xénero (no seu caso).
- Informe médico
- Certificado de penais (as persoas participantes que vaian desenvolver as prácticas en escolas infantís e/ou centros educativos), ou que soliciten a súa beca para Finlandia, este certificado pode adxuntarse no prazo de 10 días hábiles tras sair a listaxe de admitidos definitivos, xa que non é obrigatorio entregala no momento de solicitude do programa.

O prazo de inscrición rematará o **31 de xullo de 2017** a contar dende o día seguinte ó da publicación da resolución da concesión da axuda definitiva por parte da Consellería de Política Social.

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SELECCIÓN**

A comisión seleccionadora estará composta por:

- Presidente: Sonia Ponte Esturao. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira. Coordinadora do Programa Galeuropa 2017.
- Vogal: Ana Lucía Calviño Canedo. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Val do Dubra. Coordinadora do Programa Galeuropa 2017.
- Vogal Natalia Suárez García, Psicóloga do CIM. Mentora do Programa Galeuropa 2017.
- Secretaria Sonia Nieto López, Orientadora Laboral do Concello de Negreira.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas

#### **QUINTA. PROCESO DE SELECCIÓN**

Realizarase, de ter maior número de solicitudes de candidatos/as que de prazas, unha selección de entre as persoas preinscristas para cubrir as 18 prazas dispoñibles. Das cales 9 prazas son para o país de R.Unido e as outras 9 son con destino a Finlandia.

No caso de que na data de peche do prazo xeral de solicitude, o número de candidatos/as presentados que cumpran os requisitos de acceso sexa superior ao número de prazas dispoñibles para prácticas laborais, o tribunal procederá ao desenvolvemento das dúas fases do proceso de selección que se determinan nestas bases.

O tribunal comprobará o cumprimento dos requisitos de acceso dos e das candidatos/as presentados ata esa data. Si o número de candidaturas é igual ou inferior ao número de prazas dispoñibles para prácticas laborais, quedarán automaticamente seleccionados tódolos/as candidatos/as presentados/as facendo constar na acta a puntuación obtida na baremación de méritos e non tendo obriga de realizar a proba escrita.

O proceso selectivo deberá seguir as seguintes normas segundo o artigo 28.4 da orde do 2 de maio de 2017 da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao programa operativo de emprego xuvenil.

- a) Establecerase unha puntuación máxima de **11 puntos**.
- b) Valoraranse en primeiro lugar, as solicitudes daqueles mozos e mozas que non participasen noutras convocatorias do Programa Galeuropa.
- c) Criterios de valoración
  - I. Antigüedad no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no Ámbito da Comunidade Autónoma, dende a data de inscrición no ficheiro ata a data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de convocatoria de Galeuropa: ata 1.20 ptos., puntuando 0.10 por cada mes que leve inscrito.
  - II. Valorarase a maior idade fronte a menor ata 1.40 ptos. (terase en conta a idade do día que finalice o prazo de presentación de solicitudes).
    - a. De 28 a 29 anos: 1.40 ptos.
    - b. De 26 a 27 anos: 1.20 ptos.
    - c. De 24 a 25 anos: 1 pto.
    - d. De 22 a 23 anos: 0.80 ptos.
    - e. De 20 a 21 anos: 0.60 ptos.
    - f. De 18 a 19 anos: 0.40 ptos.
    - g. De 16 a 17 anos: 0.20 ptos.
  - III. Test escrito de motivación e participación no programa de mobilidade: ata un máximo de 1,50 ptos. Consistirá en 15 preguntas tipo test, valoradas en 0.10 ptos. cada unha.
  - IV. Mulleres vítimas de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen, sempre que a acreditación das ditas circunstancias fose emitida con anterioridade á data da presentación da solicitude: 2 pto.
  - V. Persoas en risco de exclusión social: 1.90 ptos.

Ademáis das normas recollidas na orde de referencia, valorarase o empadramento nos Concellos de Negreira e Val do Dubra: 3 ptos. Xa que son os concellos participantes e beneficiarios da subvención.

Polo que a puntuación máxima a acadar será **de 11 ptos**.

## DESEMPATES

- Puntuación máis alta obtida nos criterios do punto precedente na mesma orden na que están establecidos.
- Igualdade de xénero: prioridade ao xénero de menor representación no total de solicitantes
- Orde de entrada da solicitude.

## SEXTA. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Adjudicaránse as prazas aos de maior puntuación ata cubrir o total das prazas dispoñible. Deixando listaxe de suplentes para os casos de renuncia, incumprimento de obrigas, incapacidade sobrevida ou calquera outra causa que implique a perda da praza de prácticas laborais non remunerada adxudicada.

As resolucións que poñerán fin á vía administrativa, publicaranse no taboleiro do Concello especificando a identidade das persoas seleccionadas para as prácticas laborais non remuneradas transnacionais.

Contra estas resolucións poderase interpoñer recurso potestativo de reposición de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da notificación da Resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

## SÉTIMA. CONDICIONS XERAIS

1. As prácticas formativas son non remuneradas e cunha duración máxima de 3 meses e de 110 horas mínimas mensuais, contados dende a data na que a persoa adxudicataria comece o seu labor na empresa correspondente.
2. Estas prácticas realizaranse nas empresas dos países que a organización do proxecto estableza. Os datos das empresas serán comunicados con antelación ás persoas seleccionadas, na maior brevidade posible posto que cabe a posibilidade de que a empresa realice unha entrevista persoal ó participante antes da súa incorporación no programa.
3. Os custes de viaxe, aloxamento e manutención estarán cubertos pola organización do proxecto nas contías máximas e características que se establezan. As persoas seleccionadas recibirán con antelación información sobre estes aspectos e procedementos necesarios, no seu caso.
4. As persoas participantes nas prácticas recibirán apoio lingüístico cunha duración non inferior a 10 horas tal como se estableza pola organización do proxecto.
5. As persoas participantes nas prácticas recibirán apoio sociolaboral, onde se impartiran dous talleres; un ó inicio do programa para establecer os perfís e búsqueda de empresas cunha duración establecida de 30 horas aproximadamente e outro á volta dos participantes, cunha duración de 20 horas.

6. As persoas beneficiarias comprometeranse a asistir o horario de traballo e a disciplina da empresa onde se desenvolva a súa práctica formativa co fin de non entorpecer a labor do persoal do centro, non podendo exceder un máximo de 40 horas semanais.

7. O feito de aceptar e facer as prácticas non remuneradas non xera ningunha relación laboral nin funcional cos concellos promotores, nin coas empresas na que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vencello con ningún dos concellos promotores nin coa referida empresa.

8. As persoas participantes nas prácticas estarán cubertas por unha póliza de accidentes e responsabilidade civil que facilitará a organización e da que informará ás persoas e empresas participantes sobre procedemento e protocolos de actuación e tramitación, no seu caso.

9. As persoas participantes recibirán unha guía de prácticas onde especificarase os termos, condicións, datas, horarios, as súas obrigas e dereitos, procedementos de comunicación de incidencias e outros aspectos relacionados coa práctica transnacional.

9. As persoas participantes poderán renunciar ás prazas comunicando por escrito a causa da renuncia e notificando cun mínimo de 10 días hábiles ao Concello de Negreira ou ao Concello do Val do Dubra, así coma ós titores e empresa.

## **OITAVA. OBRIGAS E DEREITOS MÍNIMOS DOS PARTICIPANTES**

### **OBRIGAS:**

1. Incorporarse á empresa na data sinalada e respectar, en todo momento, a normativa da empresa, seguindo as instrucións que lles sexan dadas e cumprindo o programa formativo.
2. Desenvolver unha actitude favorable para a súa integración na empresa e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento.
3. Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do persoal do Centro.
4. Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola daquelas outras persoas ás que poida afectar a súa actividade, a causa dos seus actos ou omisións.
5. Usar adecuadamente as máquinas, aparellos, ferramentas ou substancias perigosas, entre outros, que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou responsable das prácticas.
6. Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola empresa, de acordo coas instrucións recibidas.
7. Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre cantas informacións poidan chegar a coñecer en relación co proceso produtivo, sistemas técnicos empregados na empresa ou calquera aspecto económico ou comercial de análoga natureza. Así como a non explotar aqueles traballos realizados na práctica sen a autorización expresa, en ambos os

casos, da empresa. Este compromiso será válido non só durante a práctica senón tamén unha vez finalizada esta, por un período que, no seu caso, determinará a propia empresa.

8. Asistir ás accións formativas que organice a empresa dentro da xornada laboral relacionadas coas súas prácticas.

9. En caso de enfermidade ou accidente, deberá comunicar a súa situación á empresa e á organización do proxecto, presentando o oportuno parte médico xustificativo.

10. En caso de renuncia quedará obrigado a comunicarllelo á empresa e ao Concello de Negreira ou Concello de Val do Dubra con 10 días hábiles de antelación.

11. Achegarlle ao Concello de Negreira, ou Concello de Val do Dubra, unha copia da vida laboral actualizada transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas.

12. Calquera outra que se estableza no acordo específico das prácticas laborais

#### **DEREITOS:**

1. Ser informados sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación por parte da empresa na que se realicen as prácticas ou empresa socia de acollida.

2. Recibir formación en materia preventiva e sobre as instalación nas que se desenvolven as prácticas, establecida pola empresa de

3. Recibir apoio lingüístico de 10 horas mínimo dentro do proxecto Galeuropa.

4. Realizar a práctica laboral acordada no convenio de prácticas, cos contidos e condicións acordadas.

5. A duración das prácticas será dun máximo de 110 horas mensuais en xornada semanal máxima de 40 horas. Nos horarios e datas que se determinan no acordo de prácticas a empresa.

6. Contar con titores e apoio continuado durante a súa práctica laboral, e ter sempre de referencia á empresa de acollida do país destino das prácticas.

7. Recibir certificación oficial da práctica laboral realizada, que será o Anexo IV perfectamente cuberto polo titor das prácticas.

8. Ter cuberta coas contías máximas que se establezan, os custes da viaxe de ida e volta, o aloxamento e manutención, na cidade onde se realizaran as prácticas.

9. Calquera outra que se estableza no acordo específico das prácticas laborais.

#### **NOVENA. REVOGACIÓN, SUSPENSIÓN E RENUNCIA**

En calquera momento o Concello de Negreira e o Concello de Val do Dubra poderá, a proposta das empresas e/ou da organización do proxecto mediante resolución motivada, revogar as prazas de prácticas adxudicadas á aqueles participantes que non cumpran debidamente coas condicións esixidas nestas bases e as condicións determinadas nos



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL



Fondo Social Europeo  
Iniciativa de Emprego Xuventud  
O FSE inviste no teu futuro

UNIÓN EUROPEA



Concello de  
NEGREIRA



Concello de  
**Val do Dubra**  
*Val do Dubra. naturalidade*

acordos específicos de cada práctica. O que suporá a suspensión das axudas ou custes subvencionados para a realización da práctica laboral do/da participante implicado.

En todo caso, darase por finalizada a práctica:

1. Por renuncia voluntaria do mozo/a participante. A renuncia implicará a perda dos dereitos formativos e económicos que puideran corresponderlle.
2. Renuncia por causas xustificadas da empresa á práctica laboral acordada. Para o que abriase expediente informativo e emitirase un informe sobre as causas do mesmo.
3. Incumprimento das obrigas dalgunhas das partes. No caso de incumprimento grave das obrigas esenciais por parte da empresa resolverase a práctica, podéndose adxudicar a práctica a outra empresa que este en condicións de asumir a práctica laboral prevista e a persoa afectada polo tempo restante da súa practica.
4. Baixa por incapacidade temporal de duración superior a 60 horas mensuais.
5. Baixa por outras causas de gravidade que imposibilite a realización da prácticas

De concorrer algunha das causas previstas con responsabilidade do mozo/a participante poderase esixir reintegro total ou parcial das bolsas ou axudas que puideran recibir pola realización das prácticas, sempre que as causas sexan incumprimentos das condicións e obrigas determinadas para a concesión da praza de prácticas. Non se consideraran incumprimentos, as causas debidas a enfermidade, accidentes ou circunstancias graves alleas á vontade do mozo/a en prácticas.

No caso de enfermidade ou accidente, o mozo/a participante nas prácticas estarán cubertos polas pólizas de seguros asinadas polo Concello de Negreira para este proxecto, ademais das coberturas da Seguridade Social que correspondan. A práctica poderá ser retomada si a enfermidade ou accidente debidamente xustificada non supoñan unha ausencia superior a 60 horas mensuais. No caso de superala o Concello de Negreira e o Concello de Val do Dubra, darán por concluída a práctica.

No caso de renuncia voluntaria do mozo/a de prácticas antes da finalización desta. Deberá presentar por escrito, mediante email ás coordinadoras do programa, e a empresa socia de acollida, como mínimo de 10 días hábiles de antelación, a súa renuncia motivada dirixida ós promotores do programa e terá previamente que informar ao titor/a do proxecto e á empresa na que estea desenvolvendo a práctica. Neste caso e sempre que o tempo e a empresa receptora e a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia o permitan, o Concello de Negreira e o Concello de Val do Dubra, poderá substituír con outro mozo/a da listaxe de suplente a praza de prácticas vacantes

#### **DÉCIMA. COMISION DE SEGUIMIENTO**

Para o desenvolvemento e control das prácticas constituirase unha comisión de seguimento coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.



A comisión estará presidida polas coordinadoras do Programa de Galeuropa; Dona Sonia Ponte Esturao, e Dona Ana Lucía Calviño Canedo, así como a mentora Dona Natalia Suárez García, onde os participantes poderán en calquera momento dirixirse a elas para informar ou preguntar calquera dúbida. A comisión terá as seguintes competencias:

1. Garantir que as prácticas se corresponden cos compromisos asumidos polas empresa
2. Resolver os problemas que se susciten na súa execución
3. Propoñer medidas en relación ás incidencias que xurdan durante a realización das prácticas
4. Calquera outra que estea relacionada coas prácticas laborais non remuneradas e o proxecto Galeuropa, proxecto de mobilidade transnacional xuvenil Agrupación do Concello de Negreira e Concello de Val do Dubra.

A comisión reunirse cando así o consideren necesario calquera das partes e como mínimo antes da finalización do período de duración das prácticas.

Negreira, 18 de xullo de 2017.

#### **ANEXO I. (Solicitud de participación)**

Esta ficha deberá estar asinada e rexistrada no Concello de Negreira ou Val do Dubra, para poder participar no proceso de selección de candidatos/as para prácticas laborais non remuneradas en países da Unión Europea do proxecto Galeuropa, proxecto de mobilidade transnacional xuvenil Agrupación Concello de Negreira e Concello de Val do Dubra. A ficha debe estar acompañada de:

- **Copia NIF/NIE**
- **Copia da tarxeta da Seguridade Social. ( Copia da Tarxeta Sanitaria Europea de estar en posesión da mesma, senón solicitaráselle de ser admitido no programa)**
- **Curriculum vitae MODELO EUROPEO (EUROPASS)**
- **Xustificante de estar inscrito/a no rexistro nacional de Garantía Xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Xustificantes dos méritos alegados no Curriculum Vitae especialmente certificados de coñecemento de idiomas.**
- **Copia certificado de recoñecemento de minusvalía, no seu caso**
- **Xustificante de ser vítima de violencia ou ser fillo/a dunha persoa nesta situación, no seu caso.**
- **Xustificante da tarxeta de demandante de emprego.**